PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2017 17:27
Nº Rexistro: 21455
Data envio: 13/12/2017 17:27:42.373

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á **Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro 15.412, que será debatida na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o vindeiro 14 de decembro de 2017.

### Emenda de adición

Engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

"No inmediato o Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Que recolla un réxime fiscal diferenciado con discriminacións positivas para facilitar o amarre de embarcacións tradicionais nos portos de titularidade autonómica.

-Que se promovan e garantan espazos, nas dársenas de titularidade autonómica, para amarre concentrado das embarcacións tradicionais, facilitando a creación da figura "Mariñas tradicionais" a implantar naqueles portos onde existe flota de embarcacións tradicionais.

-Que se recolla o sector marítimo-cultural como axente dinamizador dentro dos portos de titularidade autonómica, obtendo representatividade dentro dos órganos do Ente Público Portos de Galicia, ben sexa por representación directa, ou por representación asumida por organismos xa presentes relacionados coa náutica e/ou a cultura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2017 17:27
Nº Rexistro: 21455
Data envío: 13/12/2017 17:27:42.373

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Exonerar ás embarcacións tradicionais das taxas por navegación e fondeo nas augas do Parque Nacional M.T. das Illas Atlánticas.

- Adaptar as bonificacións aplicables ás taxas X-5 por amarre das embarcacións tradicionais nos portos de titularidade autonómica, á capacidade económica dos colectivos que están traballando para poñer en marcha "mariñas tradicionais

- Que se recolla na aplicación da taxa X-5, para embarcacións tradicionais de Galicia propiedade dun armador particular, o mesmo nivel de bonificación que para as embarcacións tradicionais que son propiedade de asociacións náuticas ou culturais sen animo de lucro, sempre que se acredite a súa posta a disposición para a promoción, divulgación, protección ou conservación dos seus valores culturais e históricos.

- Estender a aplicación de bonificacións a embarcacións tradicionais que exercen actividade económica (rexistro da lista 6ª).

- Realización dun proxecto que permita a reconstrución e rehabilitación do estaleiro de Casqueiro e Carlagho o tratamento de todo o conxunto de declaración como BIC, que conclúa coa posta en valor do mesmo e a musealización dos estaleiros de ribeira de Moaña."

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2017 17:27
Nº Rexistro: 21455
Data envío: 13/12/2017 17:27:42.373

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/12/2017 17:26:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2017 17:26:26**